



LUGO

IV PLAN MUNICIPAL DE
DE DROGODEPENDENCIAS
E OUTRAS ADICCIONS
COMPORTAMENTAIS
2021-2025

EDITA:
EXCMO. CONCELLO DE LUGO
Área de Cohesión e Dinamización Social.
Servizo Municipal de Prevención de
Drogodependencias e outras adicións

D^a Lara Méndez López
EXCMA. SRA. ALCALDESA DO
EXCMO. CONCELLO DE LUGO

D. Mauricio Repetto Morbán
ILMO. SR. CONCELLEIRO DELEGADO
DE XUVENTUDE E DEPORTES DO
EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

EQUIPO TÉCNICO REDACTOR:
M^a Lidia Platas Ferreiro
Técnica do Servizo de Prevención de
Drogodependencias e outras adicións
comportamentais do Excmo. Concello de Lugo

Francisco Fernández Eiros
Técnico do Servizo de Prevención de
Drogodependencias e outras adicións
comportamentais do Excmo. Concello de Lugo

DEPÓSITO LEGAL: LU 99-2021
ISBN: 978-84-92895-50-2

© Edición: Concello de Lugo
© Fotografías: os seus autores e autoras



IV PLAN MUNICIPAL DE
DE DROGODEPENDENCIAS
E OUTRAS ADICCIÓNS
COMPORTAMENTAIS
2021-2025

ÍNDICE	6	8	10	12	20	24
	Lara Méndez López ALCALDESA DE LUGO	Mauricio Repetto Morban CONCELLEIRO DE XUVENTUDE E DEPORTESACTUAL	FUNDAMENTACIÓN	REFERENTES	CONCEPTUALIZACIÓN	ÁREAS DE INTERVENCIÓN ACTUAL
	LM	MR	01	02	03	04
			26	36	40	46
			05	06	07	0A
			AVALIACIÓN DE OBJECTIVOS DO III PLAN MUNICIPAL	OBJECTIVOS DO IV PLAN MUNICIPAL	ACTIVIDADES E PROGRAMAS DO IV PLAN MUNICIPAL	WEBS DE INTERESE (ANEXO)

LM



Un dos grandes problemas aos que nos enfrontamos todas as sociedades modernas sen distincións é o das adiccións, especialmente ás drogas, aínda que non só, que tantos danos causan ás persoas que as padecen pero tamén ás súas familias e á cidadanía da súa contorna, o que deriva nun problema para o conxunto da colectividade.

O Concello de Lugo é moi consciente da importancia deste problema social e, consecuentemente, hai anos que nos marcamos o reto de traballar, sobre todo, na prevención das drogadiccións, porque estamos convencidos de que esa é a mellor forma de enfrontar este grave fenómeno.

Na cidade de Lugo desenvolvemos xa tres plans municipais de drogodependencias e tamén dispoñemos dun Servizo Municipal de Prevención das Drogodependencias; trátase dun servizo público que desenvolve todo tipo de actividades orientadas á mocidade e ás súas

familias para que as persoas máis novas valoren a importancia duns hábitos de vida e de lecer saudables.

O esforzo que realizamos desde hai anos converte a Lugo nun referente na loita contra as drogadiccións, o que xa nos valeu o recoñecemento no Cumio Internacional de Alcaldes, Alcaldesas e Cidades sobre Drogas celebrado na nosa cidade en 2010.

E neste momento, no que a situación social e económica derivada da pandemia podería levar a caer na tentación de abandonar prioridades como esta, nós pensamos que é, precisamente, cando máis se necesita que as administracións aposten pola loita contra as drogadiccións. Por iso, reafirmamos o noso compromiso impulsando o que será o cuarto Plan Municipal de Drogodependencias de Lugo.

LM

“para que as persoas máis novas valoren a importancia duns hábitos de vida e de lecer saudables”

M R



Mauricio Repetto Morban
CONCELLEIRO DE XUVENTUDE E DEPORTES

O Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias do Concello de Lugo acaba de rematar o III Plan de Prevención de Drogodependencias, unha iniciativa que permitiu a consolidación do servizo e grazas ao que se chegaron a pactos e acordos con diferentes Administracións e entidades, destacando a coordinación cos centros de ensino primario e secundario do Concello.

Así, presentamos este IV Plan de Prevención. Trátase dun documento de traballo que nos vai permitir seguir abordando un problema cambiante, pero que persiste na nosa sociedade, as drogas. Queremos desenvolver un proxecto piloto en centros educativos que permitirá coñecer a evolución da información, a asimilación desta por parte dos rapaces e rapazas e aumentar a profundidade do traballo preventivo que realizamos.

Neste sentido, seguiremos mellorando e ampliando o coñecemento sobre as drogodependencias, creando alternativas de lecer e formación para desenvolver condutas e actitudes responsables que lle permitan á mocidade tomar decisións acertadas e maduras.

Esperamos e desexamos seguir contando coa colaboración de todas e todos e dunha forma moi especial das familias, xa que a prevención débese desenvolver dunha forma global e continua dende as administracións e os núcleos familiares.

“seguiremos mellorando e ampliando o coñecemento sobre as drogodependencias, creando alternativas de lecer e formación para desenvolver condutas e actitudes responsables”

M R

FUNDAMENTACIÓN



FUNDAMENTACIÓN

Un plan municipal lucense sobre drogodependencias é un instrumento impulsado dende o goberno local, que confire estabilidade ás accións e programas destinados a solucionar as problemáticas existentes en materia de drogas legais e ilegais e outras adiccions nun municipio. A súa función primordial é establecer as **necesidades** que temos que afrontar, e definir os **principios de actuación**, xerais e específicos, que sirvan de base para os devanditos programas.

Supón un compromiso adquirido polo Concello na busca de solucións, alternativas e estratexias que permitan abordar de forma axeitada os problemas derivados do uso e abuso de substancias nocivas para a saúde. Para iso, favorécese a máxima participación de entidades e administracións, entendendo esta dende o principio da súa elaboración, co fin de asegurar unha análise da situación exhaustiva.

O **IV Plan municipal sobre drogodependencias e outras adiccions comportamentais de Lugo** pretende, seguindo na liña dos anteriores, ser un documento onde se recollan todos os

programas, actuacións, proxectos e actividades que dende a Administración local se proxectan dunha forma coordinada e planificada, materializando así as competencias que se lle atribúen. Ademais, por tratarse do IV Plan, dará conta do cumprimento dos obxectivos previstos no III Plan municipal sobre drogas, 2017-2020. O IV Plan municipal

“Supón un
compromiso
adquirido
polo Concello”

de drogodependencias será de carácter quinquenal, abrangendo dende o ano **2021** ao **2025**, ambos os dous inclusive.

Neste documento preténdese facer:

► unha análise das substancias máis consumidas, dos sectores sociais con maior implicación no consumo, dos factores de risco que inciden

directamente neste, etc., de tal forma que nos permita identificar con maior precisión as poboacións e colectivos de maior risco,

► unha recompilación das opinións, actitudes, crenzas, mitos... así como o coñecemento que a poboación ten desta realidade,

► unha revisión das propostas relacionadas coa promoción e protección da saúde que se viñeron desenvolvendo nos anos anteriores dende os diferentes departamentos municipais

► unha avaliación da coordinación que se realiza con outras institucións municipais e supramunicipais dedicadas ao mundo sociosanitario e educativo, e

► a autoavaliación dos obxectivos previstos polo Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias de Lugo para 2017-2020, co fin de constatar o seu cumprimento a nivel de planificación, procesos, resultados e impacto.

REFERENTES



REFERENTES

Os referentes teóricos actuais, básicos para a elaboración do IV Plan Municipal de drogodependencias e outras adicci3ns comportamentais de Lugo, son os seguintes:

2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
	I PLAN DE ACCIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA (2013-2020)				II PLAN DE ACCIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA (2013-2020)				ESTRATEXIA EUROPEA SOBRE DROGAS (2021-2025)				
	II PLAN DE ACCIÓN DA ESTRATEXIA NACIONAL (2009-2016)				I PLAN DE ACCIÓN DA ESTRATEXIA NACIONAL (2017-2024)				II PLAN DE ACCIÓN DA ESTRATEXIA NACIONAL (2017-2024)				
II PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DROGAS (2012-2015)					III PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DROGAS E TRASTORNOS ADICTIVOS (2017-2020)				IV PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DROGAS E TRASTORNOS ADICTIVOS (2021-2025)				

A ESTRATEXIA DA
UNIÓN EUROPEA
EN MATERIA DA LOITA
CONTRA A DROGA

(2021-2025) ten por finalidade protexer e mellorar o benestar da sociedade e das persoas, salvaguardar e promover a saúde pública e ofrecer un nivel elevado de seguridade e

benestar para a poboación en xeral. A aplicación coherente, efectiva e eficaz das medidas preventivas non só deben garantir un nivel elevado de protección da saúde humana, da estabilidade social e da seguridade, senón tamén contribuir a unha maior concienciación.

Esta Estratexia se articula en torno a tres ámbitos de actuación: a redución

da oferta (mellora da seguridade), a redución da demanda (servizos de prevención, tratamento e asistencia) e a abordaxe dos danos relacionados coas drogas. Para cada un deles se establecen as prioridades (once en total) sendo que neste IV Plan Municipal sobre Prevención nos centraremos basicamente no que respecta á redución da demanda.

Neste sentido, a Estratexia marca un obxectivo moi claro: contribuir ao desenvolvemento san e seguro de nenos/as e mozos/as e á redución do consumo de drogas ilegais. A finalidade non é outra que pospoñer a idade de inicio do consumo, previr e reducir os consumos, tratar as dependencias da droga e prever a recuperación e reintegración social. Para acadar este obxectivo e finalidade utilizaranse medidas preventivas (ambiental, universal, selectiva e indicada), a detección e intervención temperá, a orientación, o tratamento, a rehabilitación, a reinserción social e o reestablecemento.

A prioridade da Estratexia Europea no relativo á redución da demanda é clara: previr o consumo de drogas e sensibilizar sobre os efectos adversos das drogas. A partir desta prioridade, defínense os ámbitos prioritarios de traballo:

- ▶ implantar intervencións e estratexias de prevención universal e medioambiental empiricamente contrastadas.
- ▶ fomentar habilidades para a vida e oportunidades para elixir estilos de vida saudables.
- ▶ implantar programas destinados a familias.

- ▶ dar apoio a persoas que sufran desvantaxas particulares e múltiples e que poidan ser vulnerables aos riscos asociados ao consumo de drogas, aproveitando as canles de comunicación dixital e favorecendo as relacións positivas cos seus iguais e cos adultos nos entornos escolar, familiar, na vida nocturna, comunidades, lugar de traballo, internet e medios sociais.
- ▶ facer intervencións temperás para previr trastornos grave, propiciando a colaboración entre os proxenitores e as familias, apoiando ás familias, e a través das redes, dos sindicatos de estudantes, dos servizos de xuventude, de organizacións deportivas e, fundamentalmente, dos servizos de atención primaria.
- ▶ difundir entre políticos, líderes e profesionais ferramentas como EDPQS (European Drug Prevention Quality Standards), UNOCD (United Nations Office on Drugs and Crime), OMS (Organización Mundial de la salud) e EUPC (European Prevention Curriculum), que asentan as normas de calidade europeas para a prevención de adiccións.
- ▶ prestar atención á prevención da conducción e dos accidentes que provocan persoas baixo os efectos das drogas .

Por outra banda, o 24 de xuño de 2021 as **Nacións Unidas** publican en Viena o **Informe Mundial sobre drogas** no que ofrecen unha análise da situación global do problema das adiccións e indican as dez claves de produción, tráfico e consumo:

- ▶ **1.** Hai máis consumidores: dos 226 millóns de consumidores no 2010 ata os 275 millóns no 2021 sendo a droga máis popular o cannabis que conta con perto de 200 millóns de consumidores.
- ▶ **2.** Hai máis mortes: nos anos 2018 e 2019 segundo a ONU morreron unhas 500.000 persoas, o dobre que hai unha década. Máis da metade das mortes se deberon a cancro de fígado, cirrosis e outras enfermidades hepáticas. A heroína é a droga máis letal e se vincula directamente con mortes por sobredose, hepatite C ou VIH.
- ▶ **3.** Aumenta o consumo en países en desenvolvemento: o abuso das drogas xa non é un problema unicamente dos países ricos. A ONU prevé que ata o 2030 aumentará un 11% o número de consumidores de drogas, sendo os países con baixos ingresos os que representen a maior parte de deste aumento (por exemplo, en África aumentará o número de consumidores máis dun 40%, mentres que nos países ricos baixará un 1%).

- ▶ **4.** Máis venta de droga por Internet: esta vía que surxiu fai menos dunha década, factura uns 315 millóns de dólares anuais, convertíndose nun futuro bazar que faga as drogas máis accesibles
- ▶ **5.** Máis cocaína, máis pura e máis barata: a produción mundial duplicouse ata alcanzar unhas 1784 toneladas, o nivel máis alto da historia. Ademais aumentou o nivel de pureza desta droga en Europa un 40%, o que significa que a cocaína de alta calidade se volve máis barata. No mundo hai uns 20 millóns de persoas que a consumen.
- ▶ **6.** A Covid transforma o narcotráfico: a pandemia acelerou o envío de grandes cantidades (os pequenos envíos mediante “mulas” non era posible durante as restriccións sanitarias), usando máis as rutas terrestres ou marítimas que as conexións aéreas (mesmo así se detectou un aumento de avións privados).
- ▶ **7.** Máis cannabis e sedantes (benzodicepinas) durante a pandemia: mentras que outras drogas usadas nun contexto social, como MDMA e cocaína, se consumiron menos debido e durante o confinamento.

- ▶ **8.** Oleada de mortes por sobredoses en EEUU: case 50.000 persoas morreron nos EEUU por sobredose de opioides no ano 2019 (máis do dobre que no 2010), e 8.300 persoas morreron na Unión Europea no ano 2018. O fentanilo é un opioide xa cen veces máis potente que a morfina.
- ▶ **9.** Cannabis máis potente: a potencia do seu principio activo, o THC, cuádruplicouse nas últimas dúas décadas nos EEUU aumentando os posibles danos que causa nos consumidores e, ao mesmo tempo, a percepción de risco entre os máis xóvenes baixa ata un 40%, polo que a ONU teme un aumento aínda maior.
- ▶ **10.** Afganistán tamén produce metanfetaminas: ademáis de producir o 85% do opio a nivel mundial, é agora un gran exportador de dito estimulante sintético xunto con algunhas zonas de Mexico. En América do Norte se incautaron ata 153 toneladas entre 2009 e 2019.

A ESTRATEXIA NACIONAL

sobre drogas (2017-2024) é un documento participativo e de consenso acordado entre as Administracións Públicas e numerosas partes interesadas (non gubernamentais, sociedades científicas, centros de investigación, instancias públicas e privadas do Plan Nacional sobre Drogas) que serve como marco de actuación para o desenvolvemento das políticas sobre adiccións que se levan a cabo no conxunto do estado español, das administracións autonómicas e locais.

O Observatorio Europeo das Drogas e Toxicomanías monitoriza aproximadamente uns 30 países da Unión Europea, dos cales un tercio inclúe dentro das Estratexias sobre as Adiccións, substancias legais (alcohol, tabaco e determinados fármacos) por contar co maior número de consumidores e as adiccións relacionadas co papel das novas tecnoloxías.

Dende a creación do Plan Nacional sobre Drogas (PNsD) en 1985 se elaboraron dúas estratexias: 2000-2008 e 2009-2016. A actual Estratexia Nacional sobre Adiccións (ENA) 2017-2024 se fundamenta nas estratexias anteriores,

na anterior Estratexia Europea en materia da loita contra a droga (2013-2020) e na actual Estratexia Europea 2021-2025. A actual ENA 2017-2024 se leva a cabo a través de dous Plans de Acción: 2017-2020 e o actual 2021-2024, e se articula en torno a dúas metas: unha sociedade máis saudable (centrada na redución da demanda e da prevalencia) e informada e unha sociedade máis segura (centrada na redución da oferta).

A Delegación do Goberno para o PNsD realiza periodicamente dous tipo de enquisas: EDADES (Enquisa Domiciliaria sobre Alcohol e Drogas en España) e ESTUDES (Enquisa estatal sobre o Uso de Drogas de Ensino Secundario). Segundo os datos recollidos no ESTUDES 2016, as drogas con maior prevalencia de consumo en España son as drogas legais, consumidas por un 77,6% da poboación entre os 15 e 64 anos, o tabaco consumido por un 40,2% e os fármacos hipnosedantes con ou sen receta consumidos por un 12%, (estos últimos co dobre de prevalencia en mulleres ca homes) afecta directa ou indirectamente á vida de millóns de persoas no noso país principalmente entre os 15 e 34 anos; aproximadamente un tercio da poboación consumiu algunha droga ilegal na súa vida: cannabis 9,5%, cocaína 2%, heroína 0,1%, éxtase 0,6%,

anfetaminas 0,5%, inhalables 0,1% alucinóxenos 0,6% as novas substancias psicoactivas (NSP) 3,5%. Por último destacar que entre os consumidores, un 90% teñen un patrón de policonsumo mesturando o alcohol e o cannabis.

Nesta liña, no 2019 publicouse no BOE unha Orde na que se inclúen e regulan as novas substancias e preparados medicinais psicotrópicos, así como a fiscalización e inspección da súa fabricación, distribución, prescripción e dispensación (*Orde SCB/1079/2019, de 29 de Outubro, BOE 2-11-2019*)

Conducir despois do consumo de substancias psicoactivas é frecuente en España: un 12% dos españois consumiron algunha droga ilegal e/ ou alchool antes de conducir. Por outra banda, a OMS identificou o consumo abusivo do alchool como un dos factores de risco na violencia sexual, contra a parella e aumenta a gravidade das agresións.

A muller sofre por partida dobre: pola violencia exercida sobre ela pola súa parella e polo seu propio consumo presumiblemente como consecuencia de dita violencia.

No que respecta ás condutas aditivas, un 0,9% son xogadores patolóxicos, o 1% son xogadores con problemas e o 4,4%

REFERENTES

son xogadores de risco, sendo a maioría varóns (7 de cada 10) comprendidos nas franxas de idade dos 25-34 e dos 55-64 anos. A idade media de inicio está nos 19 anos e o instrumento de inicio son as máquinas de xogo, aínda que hai un enorme repunte de cara aos xogos online. A ludopatía concretamente considérase unha adicción en base á súa clínica e aos fenómenos neurobiolóxicos que presenta o paciente.

No que respecta a outras condutas adictivas (internet, pantallas dixitais, etc..) a comunidade científica sinala que presentan analoxías coas adiccións a substancias moi semellantes ás do xogo patolóxico. Un de cada 5 adolescentes españois de 14 a 18 anos usa de maneira abusiva as tecnoloxías da información e comunicación (TICs) e dita poboación soe ver incrementado o fracaso escolar e o consumo de drogas.

Nos últimos anos, as Novas Substancias Psicoactivas (NSP) están cada vez máis presentes no mercado aberto e/ou Internet (por vía aérea, páxinas web, paquetería postal...) e representan graves ameazas para a saúde. Prodúcese modificando as moléculas das drogas ou deseñando substancias novas que simulan os efectos das drogas convencionais pero das que se descoñecen os efectos reais para a saúde a medio e longo prazo.

Por toda esta situación, a Estratexia Nacional (2017-2024) se centra en catro

eixos: drogas legais (tabaco e alcohol), drogas ilegais, fármacos de prescrición médica e adiccións comportamentais sen substancia. A meta principal é conseguir unha sociedade máis saudable e mellor informada.

O consumo de drogas en España é unha importante causa de morbi-mortalidad evitable. O alcohol en concreto, segue sendo a droga con maior prevalencia de consumo no noso país, o primeiro problema de saúde pública e a primeira causa de perda de saúde nos menores. De ahí que as estratexias de prevención e control sexan unha prioridade.

A abordaxe do consumo nocivo de alcohol tendo en conta os datos sobre violencia de xénero e consumo desta substancia constitúe unha necesidade polo que se precisan estratexias dirixidas non só a diminuír o seu consumo, senón tamén á detección precoz daquelas mulleres que se poidan atopar en risco polo consumo nocivo de alcohol das súas parellas e á detección dos consumos nocivos por parte das propias mulleres vítimas de violencia de xénero.

Dende a Estratexia Nacional instan ás comunidades autónomas e ás corporacións locais a contar con ferramentas de vixilancia epidemiolóxica, acompañadas de canles de comunicación e información de forma que os resultados poidan



REFERENTES

terse en conta e incluírse nas políticas e accións mellor e máis rapidamente.

As intervencións preventivas máis puras teñen como obxectivo reducir os factores de risco e aumentar os de protección fronte ao consumo de drogas ou a outras condutas adictivas. Estas intervencións poden ser universais, dirixidas a toda a poboación, selectivas, dirixidas a grupos en situación de vulnerabilidade, e indicadas, cando se dirixen a poboación cun perfil de maior risco.

Resulta necesario e imprescindible complementar estas actuacións preventivas dirixidas aos individuos con outras accións de tipo ambiental, que son aquelas que promoven entornos saudables e actúan a nivel social modificando as normas sociais e as regulacións do mercado, onde se incluíría por exemplo, a iluminación de rúas, dotar de recursos a cidade (carril bici, canastas, espazos para xogos tradicionais, etc..), normativas para limitar horarios, idades, consumos, etc. En definitiva, trátase de conseguir que o sano sexa o doado, o barato, o mellor.

Outra forma de prevención é a redución do risco que o que busca é por exemplo evitar que os consumos experimentais e/ou esporádicos pasen a un nivel maior ata converterse nun uso continuado, en atracóns (binge-drinking), etc.. e reducir

as consecuencias negativas como poderían ser os accidentes de tráfico.

A realidade é que a prevención se enfronta a novos retos: novas formas de adicción sen substancia, a aceptación social e aparente visión de normalidade fronte ao consumo de alcohol e cannabis por parte dos menores, as presións hacia a legalización do cannabis, a aparición continua de novas substancias psicoactivas, as novas formas de relación como son as redes sociais, etc.

O Plan de acción da Estratexia Nacional (2017-2024) identifica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas maiores con adiccións crónicas como especialmente vulnerable, e por primeira vez inclúe as adiccións sen substancia ou conductuais. Incorpora como prioridades o xogo patolóxico, o uso compulsivo das novas tecnoloxías e o abuso de fármacos.

Guiado pola meta de conseguir unha sociedade máis saudable e segura, esta Estratexia busca 3 obxectivos básicos: retrasar a idade de inicio ao consumo de susbtancias e ao acceso a comportamentos potencialmente adictivos, dismínuír estes consumos e comportamentos e, reducir os danos asociados e derivados deles. Destaca a posta en marcha do Portal de Boas Prácticas na redución da demanda, como unha acción transversal dirixida a incrementar a coordinación, a xestión de calidade e o coñecemento.

A ESTRATEXIA DO SERGAS

do 2020, presenta unha axenda de 5 anos de duración na que, segundo Jesús Vázquez Almuiña, Conselleiro de Sanidade, se pretende conseguir mellorar a saúde dos galegos e galegas a través da prevención e da asistencia, ambas eficientes e coa máxima calidade. Este obxectivo contempla catro eixos estratéxicos:

- ▶ 1. Atención integral adaptada a las necesidades de los usuarios/as, pacientes, familiares y cuidadores.
- ▶ 2. Profesionais comprometidos e coidados pola organización.
- ▶ 3. Xestión eficiente que contribúa á sostibilidade do sistema usuario.
- ▶ 4. Infraestructuras, equipamentos sanitarios, e sistemas de información adaptados ás necesidades de pacientes e profesionais.

Para definir os obxectivos estratéxicos do Servizo Galego da Saúde para o ano 2020 se fixeron varias actuacións:

- ▶ definir unha visión compartida dos distintos axentes implicados.
- ▶ revisar e incorporar algunhas boas prácticas e intervencións que se están poñendo en marcha en diferentes países e servizos sanitarios .


- ▶ ter en conta o coñecemento científico.
- ▶ utilizar o modelo da OMS de Murray sobre os obxectivos básicos do sistema de saúde.
- ▶ revisar a Estratexia da Xunta de Galicia para o ano 2020
- ▶ revisar os resultados da avaliación da Estratexia Sergas 2014.
- ▶ analizar indicadores de percepción de pacientes.

A partir dos eixos e dos obxectivos anteriores xurden ata 20 liñas estratéxicas sendo a primeira:

- ▶ desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención de enfermidades cunha visión integral, realizando por exemplo actuacións dirixidas a mellorar os hábitos de vida saudables...
- ▶ elaborar un Plan de Trastornos adictivos 2017-2020, en colaboración coa Dirección Xeral de Saúde Pública, e incorporar, dacordo coas liñas establecidas polo Plan Nacional sobre Drogas, os programas asistenciais adecuados aos actuais perfiles de consumo, incluíndo o xogo patolóxico como patoloxía emerxente.



ORGANIGRAMA E COORDINACIÓN:



CONCEPTUALIZACIÓN



CONCEPTUALIZACIÓN

03

A prevención de drogodependencias engloba todas aquelas medidas informativas e educativas (por exemplo, valorar a saúde como un ben fundamental, desenvolver a autoestima, resistir a presión de grupo, capacitar para a toma de decisións argumentadas, informar verazmente sobre os efectos das drogas...) dirixidas á poboación potencialmente consumidora de drogas.

Todas as actuacións que se levan a cabo dende o Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias e outras adicciós comportamentais do Concello de Lugo se centran na redución da demanda, é dicir, pretenden previr o consumo de substancias psicoactivas ou comportamentos que produzan dependencia, que poidan implicar danos á persoa que as usa e ao seu contorno a curto, medio ou longo prazo.

Reducir a demanda, ou o que é o mesmo, reducir o desexo de obter e usar drogas así como de cronificar condutas susceptibles de crear dependencia, conséguese a través de programas preventivos e educativos que actúen

directamente na erradicación e/ ou redución dos factores de risco e na potenciación dos factores de protección. O obxectivo final é disuadir á mocidade da experimentación e promover a saúde como un valor básico.

Dentro da redución da demanda, denomínase prevención primaria a que se pon en funcionamento e a que toma medidas “antes” de que xurda o consumo problemático. O seu principal obxectivo é impedir que este consumo apareza ou, de nin conseguilo, atrasar ao máximo o momento en que a persoa se inicie no devandito consumo.

As causas que levan ao consumo de drogas son moi complexas e diversas. Moitas e moitos profesionais dedicaron un grande esforzo para identificar e clasificar as devanditas causas no que se denominou factores de risco (aqueles que facilitan, promoven e incitan ao consumo de drogas) e factores de protección (os que limitan a predisposición ao devandito consumo e promoven estilos de vida saudables). Neste sentido, a hipótese defendida asume que

promover os factores de protección, xunto co control e redución dos factores de risco, aumentará a probabilidade de controlar e reducir a demanda de substancias e comportamentos adictivos.

É importante ter claro que previr *non só é informar* (e menos cando esa información é descontextualizada, puntual, parcial e illada pois podería producir o efecto contrario), *nin apelar ao medo*, ao terror, ás esaxeracións, ao sensacionalismo ou ás mentiras, nin afastarse inescusablemente de todo tipo de contacto coas drogas. Previr é facer chegar á poboación unha información verídica, axeitada, completa e clara das consecuencias do consumo de drogas, é reforzar a autoestima. Previr non é intervir cos/ as adolescentes e preadolescentes senón intervir dende e durante a infancia, e na idade adulta. Previr é:

- ▶ anticiparse á aparición dun problema,
- ▶ retrasar a idade coa que inician o contacto co mundo das drogas,

► fomentar alternativas saudables para ocupar o tempo libre, transmitindo o valor da saúde e dos hábitos saudables, e

► fomentar o desenvolvemento de habilidades e recursos persoais.

Por outra banda, tamén son necesarias medidas dirixidas a limitar a oferta, é dicir, limitar a dispoñibilidade de substancias psicoactivas. Para iso necesítanse normas legais que prohiban e repriman a súa produción e tráfico (en caso de drogas ilegais) ou ben, normas que establezan límites para a súa comercialización e consumo (no caso de drogas legais), así como, algunha normativa, regulamento ou lei de cara ao uso e abuso das TIC, xogos patolóxicos, etc.

A prevención de drogodependencias constitúe unha rede dinámica de estratexias destinadas a eliminar/reducir ao máximo a aparición de problemas relacionados co consumo indebido de drogas, para o que se require a elaboración de programas planificados e sometidos a uns criterios definidos e avaliados, que lles dean consistencia e continuidade. Nalgúns casos, será posible evitar practicamente todo o contacto coas drogas; noutros, conseguirase atrasar a idade de experimentación con elas; outras veces conseguirase reducir os danos e riscos derivados do consumo..., en definitiva, os obxectivos da prevención iranse axustando á situación e á poboación coa que se traballe.

“A drogodependencia é un fenómeno de etioloxía multicausal e multidimensional”

A drogodependencia é un fenómeno de etioloxía multicausal e multidimensional, no que interveñen factores sociais, individuais e os que derivan da propia substancia. Esta visión multifactorial e diversificada da drogodependencia permítenos superar concepcións reducionistas que a entenden como unha simple enfermidade, unha psicopatoloxía ou como sinónimo de delincuencia e vicio. Temos que adoptar unha perspectiva máis ampla: a dimensión social, dende a que se integren as intervencións educativas, laborais, médicas, psicolóxicas, políticas e xudiciais. Diso, despréndese a necesidade dunha responsabilidade compartida, da implicación de toda a *sociedade* neste proxecto de articulación dos medios e estratexias necesarias para abordar o problema. Neste sentido, a prevención enténdese como un proxecto para desenvolver

con, dende e para a comunidade lucense aunando as perspectivas social, educativa, laboral, familiar, médica, sanitaria, política, administrativa, etc.

As substancias consideradas como droga sonno en función do seu poder para producir dependencia (física e/ou psíquica), síndrome de abstinencia, tolerancia e cambios no funcionamento do SNC (sistema nervioso central). Isto é independente da maior ou menor *alarma social* que poidan producir. As prioridades do equipo de técnicos municipais do Concello de Lugo que redacta este Plan Municipal van máis dirixidas hacia a *problemática social e sanitaria real* dalgunhas drogas (como o alcohol e o tabaco) e dalgúns comportamentos (como as novas tecnoloxías e os xogos e apostas), que hacia a alarma social, xa que, en moitas ocasións, esta alarma social se basea nun discurso marcado polos estereotipos que dificultan o labor das e dos profesionais.

Para as e os especialistas é importante e necesario centrarse cada vez máis na **prevención da demanda**, poñer máis atención por parte dos medios de comunicación social e dotar de máis recursos e moita máis sensibilidade política e social. Neste sentido, para previr o consumo de drogas é primordial ampliar a capacidade de toma de decisións do individuo, baseada no coñecemento e na información. Por iso, as nosas intervencións preventivas

deberán servir para ampliar e mellorar o seu coñecemento, crear alternativas saudables durante o seu tempo libre e desenvolver actitudes e condutas que fagan posible (en caso de que non poidamos evitar que se produza) que a súa relación coas substancias psicoactivas sexa responsable. Non se trata de dicirlles “qué teñen que facer ou non facer”, senón capacitalas e capacitalos para que tomen as súas propias decisións con maior coñecemento, é dicir, con máis liberdade, autonomía e responsabilidade.

A prevención consiste en sensibilizar e mobilizar á sociedade para xerar unha cultura de rexeitamento ás drogas mediante o fomento dos seus propios valores e recursos. Todo isto converte a prevención nunha ferramenta importante para atrasar a idade de inicio de consumo, modificar as condicións socioculturais que favorecen o consumo de drogas, intervir no malestar do individuo modificando as causas do devandito malestar ou axudándoo a superalo, educar ós individuos para ser responsables, limitar a cantidade e variedade de substancias utilizadas..., en resumo, potenciar os factores de protección e diminuír os de risco ofertando, sempre que sexa posible, alternativas saudables.

Á hora de repartir responsabilidades e moi ao contrario do que se poida

“A prevención consiste en sensibilizar e mobilizar á sociedade”

pensar, **o punto de mira está na poboación adulta**, non na mocidade exclusivamente. Por que? Porque son as persoas adultas as que cos seus valores, as súas normas e os seus estilos de vida... van elaborando un modelo de sociedade: unha sociedade na que a poboación nova, por unha parte, acaba crendo que “necesita” consumir drogas para ser *máis felices ou menos desgraciadas e desgraciados* e, por outra parte, recibe o “estigma” (por parte das persoas adultas) de ser elas as únicas responsables do consumo.

ÁREAS DE
INTERVENCIÓN
ACTUAL



ÁREAS DE INTERVENCIÓN ACTUAL

O fenómeno das drogodependencias é consecuencia de problemáticas sociais de fondo, polo que, para intervir na prevención do seu consumo, haberá que coñecer, intervir e solucionar ou minimizar os problemas sociais que os motivan.

Este IV Plan municipal de prevención de drogodependencias e outras conductas adictivas do Concello de Lugo vai dirixido a toda a poboación de Lugo, independentemente de que se dea prioridade aos colectivos de risco como xóvenes, persoas adultas, familias multiproblemáticas, persoal consumidor, reclusos, inmigrantes... De feito, cando falamos de previr consumos, falamos de intervir dende moitos e diversas fronte:

Por iso, dende o Concello de Lugo traballamos en diferentes áreas.

Prevención universal: desenvolvemento de programas que inciden nos factores de risco e de protección máis determinantes, para evitar ou atrasar a idade de inicio do consumo de drogas. A poboación diana é a infancia, adolescencia e xoves en xeral.

Prevención selectiva: o traballo céntrase en grupos de poboación sometidos a situacións de risco capaces de xerar problemas relacionados coas drogas.

Prevención indicada: intervense con aqueles individuos que xa están a realizar un uso problemático das drogas, ou ben que polas súas características poidan considerarse de alto risco.

Outras áreas relacionadas coa busca de solucións, aínda que xa non pertencen á prevención propiamente dita son a *rehabilitación* (realízase un custoso esforzo por conseguir a motivación da persoa afectada polo consumo de drogas, seguido da oportuna información ao suxeito e á súa familia, e a avaliación e derivación a centros acreditados; o obxectivo é reducir as condutas de abuso de drogas e os seus problemas asociados) e a *inserción* (que trata de buscar un espazo para integrar ou reintegrar ó exdrogodependente no mundo social e laboral, unha vez que rematou a rehabilitación ou cando se atopa na última fase).

Información	Investigación	Publicacións	Coordinación	Formación
Familia	Tráfico e autoescolas	Promoción da saúde	Xénero	Hostalaría
Adolescencia	Infancia	Inmigración	Corpos de seguridade	Centros penitenciarios
Poboación universitaria	Ocio	Comunidade	Escola	Laboral
Minorías	Menores	Deporte	Exclusión social	Profesorado
Tecnoloxía móbil	Ludopatías	Xogos en liña	Videoxogos	Comportamentos adictivos

05 AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS DO III PLAN MUNICIPAL



05 AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS DO III PLAN MUNICIPAL

O equipo do servizo de prevención está composto por dous técnicos profesionais da área sociopsicopedagóxica e dito servizo realiza as funcións de deseño, desenvolvemento, aplicación e avaliación de actividades encamiñadas a implicar á comunidade na prevención. Concretamente, as funcións do persoal do servizo de prevención de drogodependencias e outras adiccións sen substancia son, entre outras:

- ▶ Elaborar programas de prevención de drogodependencias e adiccións comportamentais dirixidos a xóvenes, escolas, familias, hostelería, autoescolas, festividades locais e comunidade en xeral.
- ▶ Atender aos usuarios/as con problemáticas de consumo, deseñando e executando un plan de traballo acorde ás súas necesidades.
- ▶ Organizar campañas de divulgación, charlas, obradoiros, etc.. Nos centros educativos e outros centros públicos, privados e concertados dirixidos ás familias, escolas,

menores en risco de exclusión social, mocidade e comunidade.

- ▶ Impartir sesións formativas, informativas e obradoiros no ámbito educativo, comunitario, de hostelería e en centros de educación vial, entre outros.
- ▶ Prestar atención directa aos usuarios/as nas dependencias municipais ou en visitas domiciliarias, nos centros educativos ou por outras vías telefónicas ou telemáticas.
- ▶ Levar control e seguemento dos usuarios/as, das actividades deseñadas, dos proxectos, das subvencións solicitadas, dos estudos epidemiolóxicos e dos plans municipais vixentes.
- ▶ Elaborar os informes e historial correspondentes e facer as derivacións oportunas.
- ▶ Elaborar plans e programas que permitan a posta en marcha de dinámicas que aumenten a eficiencia do servizo.

- ▶ Colaborar coas distintas entidades públicas e privadas competentes nos eidos da educación, familia e comunidade en xeral.
- ▶ Realizar informes, estudos e estatísticas relativas ao departamento de prevención de drogodependencias e condutas aditivas.
- ▶ Supervisar o correcto cumprimento dos contratos relacionado coa nosa área de traballo, así como o desenvolvemento de actividades nos distintos ámbitos.
- ▶ Facilitar a integración da cidadanía e fomentar a súa participación nas actividades programadas.
- ▶ Organizar e dinamizar actividades de tipo preventivo nos diferentes ámbitos e coas diferentes poboacións.
- ▶ Seleccionar, deseñar e adquirir materiais necesarios para o desenvolvemento correcto das actividades preventivas nos distintos ámbitos (familia, mocidade, comunidade, infancia, etc).

AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS DO III PLAN MUNICIPAL

- ▶ Detectar novas necesidades, substancias e estilos de consumo a través de estudos epidemiolóxicos periódicos, que nos permitan facer unha diagnose axeitada con fin de aumentar a eficiencia do servizo.

▶ Elaborar e deseñar material educativo e avaliativo propio e específico para a prevención de drogodependencias e outras adicións sen substancia.

▶ Supervisar e actualizar a páxina web aberta á comunidade.

▶ Asesorar e prestar apoio técnico e coordinación aos profesionais de diferentes áreas municipais e/ ou universitarias en materia de educación, psicoloxía, animación e formación en prevención de drogodependencias e outras adicións sen substancias.

▶ Recibir formación e actualización en materia de adicións.

▶ Planificar, redactar, xestionar e avaliar os plan municipais de prevención de drogodependencias e outras adicións con carácter cuatrienal.

▶ Planificar, redactar, programar, executar e xestionar a memoria técnica e económica dos proxectos subvencionados con carácter case sempre anual polo plan nacional sobre drogas.
- ▶ Titorizar as prácticas de alumnado universitario cando así o soliciten.

▶ Representar ao concello de Lugo e especificamente ao servizo de prevención de drogodependencias e outras adicións, nas reunións, xornadas e congresos de ámbito local, autonómico, nacional e/ ou internacional, así como nas publicacións científicas e/ou divulgativas e ante calquera institución pública ou privada.

▶ Partir sempre dunha *avaliación diagnóstica*, é dicir, realizar unha análise do uso e/ou abuso de drogas na comunidade de Lugo, levar a cabo unha *intervención integral* informando a organismos e institucións implicadas na promoción social e na mellora da calidade de vida, así como ás entidades de iniciativa social, na planificación de actividades, asesorar as persoas acerca dos recursos dispoñibles na comunidade para a prevención de uso e abuso de drogas, implicar os servizos sanitarios, sociais, educativos...
Existentes na cidade de Lugo, no desenvolvemento de actuacións preventivas e coordinarse, ou sexa, velar polo cumprimento do compromiso asumido por cada unha das áreas municipais e a iniciativa social nas actuacións preventivas para desenvolver.
- ▶ Promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal en materia de prevención de drogodependencias e adicións comportamentais.

Por outra banda, exerceranse competencias nas seguintes materias:

▶ **A.** Prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

▶ **B.** Oferta de actividades e instalacións culturais e deportivas: ocupación do tempo libre.

▶ **C.** Participación nos programas de ensino e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, así como a intervención nos seus órganos de xestión.

▶ Sexa cal sexa a intervención preventiva para desenvolver no campo das drogodependencias, os principios de actuación básicos que rexerán as devanditas actuacións serán:

• Que se cumpran as esixencias metodolóxicas en todas as fases (planificación, implementación e na avaliación).

• Que os programas se baseen en teorías contrastadas e en evidencias científicas.

Ademais dos citados principios de actuación, os criterios prácticos que aseguran a concreción das intencións en accións claras son:

- ▶ *Coherencia* interna do programa.
- ▶ *Continuidade* no tempo e lugar.
- ▶ Que as accións sexan *preventivas* tanto no que respecta á súa intencionalidade, coma na súa efectividade.
- ▶ *Capacitación* e motivación das e dos profesionais de cara a favorecer a efectividade e continuidade dos programas.

O Servizo de Prevención de Drogodependencias do Concello de Lugo traballa coordinadamente con varios organismos tal e como se mostra nas seguintes imaxes.

Nesta primeira imaxe móstranse as áreas de traballo: prevención, asistencia, incorporación social, formación e coordinación.

AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS DO III PLAN MUNICIPAL

	ÁREAS DE TRABALLO				
	Prevención	Asistencia	Incorporación social	Formación	Coordinación
1. Servizo de Prevención de Drogodependencias	✓		✓	✓	✓
2. Área de Cohesión e Dinamización Social	✓			✓	✓
3. Concellería de Xuventude e Deportes	✓				
4. Clubes deportivos de base	✓				
5. Policía Local	✓	✓			✓
6. Policía Autonómica	✓	✓			✓
7. Policía Nacional	✓	✓			✓
8. Garda Civil	✓	✓			✓
9. Fundación Secretariado Xitano			✓		✓
10. Centros Penitenciarios (Bonxe e Monterroso)		✓	✓		
11. Centro de Día Dignidade CIEMA (Centro de medidas judiciales)		✓	✓	✓	
12. ALIAD-Ultreia (Asoc Lucense de Información e Axuda ao Drogodependiente)		✓	✓	✓	
13. Hospital HULA, (Psiquiatría e Saúde Mental)		✓			
14. Hogar Madre Encarnación			✓		✓
15. Centro educativo Nosa Señora dos Ollos Grandes			✓		✓
16. Igaxes Lugo (Infancia e Xuventude en Risco)			✓		✓
17. Asociación Diaconía (Red de Acción Social)			✓		✓
18. USC (Universidade de Santiago de Compostela)	✓			✓	✓
19. UAD (Unidade de Axuda ao Drogodependente)	✓	✓			✓
20. AECC, Unidade de Tabaquismo		✓			✓
21. Cruz Vermella	✓	✓			✓
22. Centros de menores		✓	✓	✓	✓
23. Fundación Juan Soñador		✓	✓	✓	
24. Asociación Alar Galicia (Proxectos globais de Inserción e Integración Sociolaboral			✓		✓
25. Servizo de Menores en Lugo (Xunta de Galicia)	✓				
26. Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia)	✓	✓	✓	✓	✓

AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS DO III PLAN MUNICIPAL

No seguinte cadro, especifícanse os distintos ámbitos de prevención: saúde, educación, familiar, laboral, xuventude e comunitario.

	ÁMBITOS DE PREVENCIÓN					
	Saúde	Educativo	Familiar	Laboral	Xuventude	Comunitario
1. Servizo de Prevención de Drogodependencias	✓	✓	✓	✓	✓	✓
2. Área de Cohesión e Dinamización Social			✓		✓	✓
3. Concellería de Xuventude e Deportes					✓	✓
4. Clubes deportivos de base					✓	✓
5. Policía Local						✓
6. Policía Autonómica						✓
7. Policía Nacional						✓
8. Garda Civil						✓
9. Fundación Secretariado Xitano						✓
10. Centros Penitenciarios (Bonxe e Monterroso)	✓		✓		✓	
11. Centro de Día Dignidade CIEMA (Centro de medidas judiciales)						
12. ALIAD-Ultreia (Asoc Lucense de Información e Axuda ao Drogodependiente)					✓	✓
13. Hospital HULA, (Psiquiatría e Saúde Mental)	✓					
14. Hogar Madre Encarnación		✓				
15. Centro educativo Nosa Señora dos Ollos Grandes		✓			✓	
16. Igaxes Lugo (Infancia e Xuventude en Risco)		✓			✓	
17. Asociación Diaconía (Red de Acción Social)			✓	✓	✓	
18. USC (Universidade de Santiago de Compostela)		✓				✓
19. UAD (Unidade de Axuda ao Drogodependente)	✓	✓	✓	✓	✓	✓
20. AECC, Unidade de Tabaquismo	✓					✓
21. Cruz Vermella	✓	✓	✓	✓	✓	
22. Centros de menores					✓	
23. Fundación Juan Soñador		✓			✓	✓
24. Asociación Alar Galicia (Proxectos globais de Inserción e Integración Sociolaboral				✓	✓	
25. Servizo de Menores en Lugo (Xunta de Galicia)			✓		✓	
26. Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia)	✓	✓	✓	✓	✓	✓

AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS DO III PLAN MUNICIPAL

Por último, no seguinte cadro, especifícanse os tipos de prevención de cada un dos organismos que traballan directa ou indirectamente co Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias do Concello de Lugo.

	TIPOS DE PREVENCIÓN		
	Universal	Selectiva	Indicada
1. Servizo de Prevención de Drogodependencias	✓	✓	
2. Área de Cohesión e Dinamización Social	✓		
3. Concellería de Xuventude e Deportes	✓		
4. Clubes deportivos de base	✓		
5. Policía Local	✓		
6. Policía Autonómica	✓		
7. Policía Nacional	✓		
8. Garda Civil	✓		✓
9. Fundación Secretariado Xitano			✓
10. Centros Penitenciarios (Bonxe e Monterroso)		✓	✓
11. Centro de Día Dignidade CIEMA (Centro de medidas judiciales)		✓	✓
12. ALIAD-Ultreia (Asoc Lucense de Información e Axuda ao Drogodependiente)		✓	✓
13. Hospital HULA, (Psiquiatría e Saúde Mental)		✓	✓
14. Hogar Madre Encarnación		✓	✓
15. Centro educativo Nosa Señora dos Ollos Grandes		✓	✓
16. Igaxes Lugo (Infancia e Xuventude en Risco)		✓	✓
17. Asociación Diaconía (Red de Acción Social)		✓	✓
18. USC (Universidade de Santiago de Compostela)	✓		
19. UAD (Unidade de Axuda ao Drogodependente)		✓	✓
20. AECC, Unidade de Tabaquismo		✓	✓
21. Cruz Vermella		✓	✓
22. Centros de menores		✓	✓
23. Fundación Juan Soñador	✓	✓	✓
24. Asociación Alar Galicia (Proxectos globais de Inserción e Integración Sociolaboral		✓	✓
25. Servizo de Menores en Lugo (Xunta de Galicia)		✓	
26. Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia)	✓	✓	✓

Para levar a cabo con éxito calquera programa de prevención, convén ter en conta, entre outras, as seguintes consideracións:

► o uso das drogas varía entre individuos, xeracións, subculturas e sociedades; polo tanto existen diferenzas nas propias substancias, nas formas de consumo, nas motivacións e expectativas, etc.

► non se dá unha relación causa-efecto; esta vén determinada pola propia persoa (o seu esquema de valores, crenzas, grao de madurez...), a súa familia, grupo de iguais, escola, cultura, relixión, medios de comunicación, etc.

► todo comportamento se produce nun contexto sociocultural concreto dentro do que cobra sentido. Así, o significado que unha determinada sociedade outorga á utilización de drogas será máis importante á hora de valorar o problema que o seu propio consumo.

Os modelos teóricos que mellor se adaptan ás necesidades e demandas en materia de drogas na cidade de Lugo son o modelo psicosocial e o modelo sociocultural.

As ideas centrais do modelo psicosocial son:

► **1.** Baséanse no recoñecemento da complexidade de cada individuo

e do peso que teñen os factores psicolóxicos e ambientais sobre as súas decisións.

► **2.** A drogodependencia é unha forma máis de comportamento que se debe analizar segundo os principios que rexen a conduta.

► **3.** Sitúase en primeiro plano ao ser humano coas súas necesidades psicolóxicas e sociais, e nun segundo plano, a substancia que por si mesma non causa o problema.

As finalidades deste modelo son:

► **1.** Ofrecer alternativas positivas ao consumo de drogas para reducir a demanda.

► **2.** Tratar á persoa drogodependente como unha persoa con problemas de adaptación, maduración ou desenvolvemento.

► **3.** Dar cabida aos programas xerais de prevención inespecífica e de educación para a saúde destinados a frear tanto a magnitude dos problemas adictivos como a de calquera outra conduta desadaptativa.

► **4.** Traballar e perfeccionar os programas preventivos: a formación e información convértense en importantes estratexias encamiñadas a favorecer a toma de decisións razoadas e saudables

con respecto ao uso de drogas, evitando na medida do posible recorrer ao medo ou ao castigo.

En canto ao modelo sociocultural, as ideas básicas son:

► **1.** Baséanse na idea de que “unha verdadeira política preventiva non pode facerse fóra da estrutura socioeconómica na que viven e se desenvolven as e os consumidores de drogas”.

► **2.** Non pode deixarse a un lado o aspecto propiamente cultural do uso de certas drogas por parte de certos grupos

► **3.** O ámbito determina tanto os tipos de drogas como as formas de consumilas.

► **4.** As desigualdades, a falta de oportunidades para grandes sectores da poboación, a marxinação, o desemprego, a organización do traballo, a ideoloxía dominante... son concebidos como factores causantes da aparición masiva de fármaco-dependencia nalgunhas sociedades.

As finalidades deste modelo son:

► **1.** Mellorar as condicións de vida e crear un ambiente no que as necesidades que se cobren mediante o consumo de drogas se poden satisfacer por medio de condutas menos prexudiciais.

► **2.** Implicar á sociedade no seu conxunto, sobre todo, ós sistemas educativo e sociosanitario, para que diminúa a aceptabilidade social das drogas e varíen os valores que están a manter a súa utilización.

Na capital de Lugo, viñéronse desenvolvendo durante o período 2017-2020, xa sexa dende un ou outro modelo, programas preventivos nos diferentes ámbitos: escola, familia e comunidade que se detallan a continuación.

A ESCOLA

É o elemento central da prevención, o impulso de actuacións educativas dirixidas a favorecer o desenvolvemento de coñecementos, actitudes, valores e habilidades de relación susceptibles de axudar aos individuos a desentenderse do abuso de drogas. O traballo céntrase na educación para a saúde. A través de diferentes programas articulan un traballo educativo adaptado ás peculiaridades de cada etapa educativa, dende a educación infantil ata BAC (sen esquecer as intervencións no ensino non convencional: os programas de garantía social, menores tuteladas/os, grupos de risco...).

As actividades desenvolvidas **dende o ámbito educativo** polo Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias durante o período 2017-2020 foron:



COLECTIVO	ESTRATEGIA	ACCÍONS
INFANTIL	Asesorar, informar e formar ó profesorado	- Material didáctico de traballo na aula (Educación para a saúde)
	Asesorar, informar e formar o profesorado da EPO e ESO	- Asesoría e orientación para o deseño e desenvolvemento de programas preventivos - Recursos e materiais didácticos para facilitar o traballo - Elaboración de novos materiais de apoio (Desconecta) Primaria - Elaboración de novos materiais de apoio (drogas, móbil, xogos, etc..) Secundaria - Formación en aspectos psicosociais da adolescencia, as adicións e a intervención preventiva - Plans de acción conxunta co profesorado - Organización de concursos educativos creativos fomentando valores e estilos de vida saudable que impliquen ao alumnado e tamén ao profesorado e país/nais.
ADOLESCENTE	Formar e informar o alumnado na toma de decisións responsable	- Talleres de reflexión e adestramento de habilidades na responsabilización do consumo de alcohol e doutras drogas - Talleres de información sobre as drogas, o consumo, as adicións e como previlas. - Talleres monográficos sobre substancias
	Impulsar ós centros educativos como espazos “libres de drogas”	- Aplicación da normativa en relación cos consumos e vendas, contando coa implicación e participación do equipo directivo
	Orientar e formar ós/as titores/as para saber actuar ante as posibles situacións de consumo	- Formar ao corpo docente e equipo directivo para unha posible intervención co alumnado que presente consumos habituais e/ou problemáticos - Folleto “Adicións, ¿de qué falamos?” - Orientación especializada en situacións específicas - Dar a coñecer os recursos e materiais dispoñibles para traballar coas alumnas e alumnos durante ou curso, así como outros existentes de interese e adaptados a cada etapa.
	Presentar os materiais e propostas educativas cada ano escolar ao inicio do curso.	- Utilización e aplicación de novos materiais e actividades tanto impreso, expositivo como audiovisual para traballar na aula. - PPCDE: Saúde na escola (5º e 6º Primaria) - Proposta escolar para Primaria e Secundaria - Prevención do abuso das NNNT. Programa Desconecta (5º e 6º Primaria) - Programa Órdago (1º e 2º ESO) - Obradoiro monográfico sobre o cannabis (3º ESO) - Obradoiro “Non pasa nada, pasa algo” (4º ESO) - Obradoiro “Pensa en ti, decide por ti” (FP básica) - Sesións preventivas sobre as Adicións (BAC) - Programas de reeducación con menores en risco de exclusión - Programa de promoción da saúde con menores en risco de exclusión social - Adestramento en habilidades e técnicas de comunicación

“o uso das drogas varía entre individuos, xeracións, subculturas e sociedades”

Ao principio de cada curso lectivo, o Servizo de Prevención de Drogodependencias de Lugo oférталles aos centros educativos da capital lucense distintas actividades como charlas ou talleres, dirixidas principalmente á poboación estudiantil. Ano tras ano respondeuse ao 100% da demanda destes centros, aos que se lles oferta información e asesoramento dende a etapa infantil ata BAC ou FP.

A FAMILIA

Xunto coa escola, a institución familiar constitúe un ámbito esencial para a actuación preventiva, por ser un dos principais focos de socialización e de construción de estilos de vida saudables e autónomos. Calquera que sexa a actuación preventiva debe ter presente á familia.

As actividades desenvolvidas **dende o ámbito familiar** durante o período 2017-2020 por parte do equipo municipal de prevención de drogodependencias foron:

O número de familias que solicitaron asesoramento, xa sexa asistindo ás charlas ou ás dependencias físicas ou solicitando información vía mail ou telefónica..., aumentou considerablemente. Este aumento non se interpreta tanto como un aumento do consumo, senón como produto dunha maior sensibilización, responsabilización e preocupación por parte dos pais e nais cara á prevención.

COLECTIVO	ESTRATEGIA	ACCIÓNS
INFANTIL	Sensibilizar, formar e informar os pais e nais	- Espazos dispoñibles para as familias: charlas, escola de pais e nais, atención individualizada - Elaboración doutras publicacións (axendas, folletos...) centrados na consellaría e a información de aspectos máis relacionados coa prevención e a promoción de hábitos de vida saudables
ADOLESCENTE	Informar os pais e nais sobre as pautas educativas en relación coas drogas e coas drogodependencias	- Plans de traballo para incrementar a participación das familias nas actividades formativas e informativas - Facilitar espazos formativos onde abordar o tema do proceso evolutivo e psicosocial da adolescencia e a potenciación dos factores de protección - Accións puntuais sobre o significado dos usos xuvenís das drogas, educación sobre drogas e abuso.
	Informar e orientar os pais e nais para intervir cando as súas fillas e fillos presentan xa un consumo problemático	- Asesoramento e consellaría individualizada, presencial, telefónica ou virtual - Charlas, talleres, reunións, mesas redondas, xornadas, congresos e outras accións formativas e informativas que sirvan de oportunidade para a reflexión sobre o labor educativo dos pais e nais e o seu transcendencia á hora de previr condutas adictivas. - Establecer protocolos de colaboración e de derivación cos organismos pertinentes en caso de familias que necesiten unha atención máis especializada na área de tratamento e intervención.
	Asesorar a pais/nais e fillos/as	- Ofertar sesións conxuntas para clarificar e resolver problemas mediante técnicas cognitivas, sistémicas e conductuais - Traballar as emocións, a motivación e as habilidades comunicativas entre os proxenitores e os fillos/as - Sensibilizar sobre a importancia das normas e disciplina combinadas e asociadas con mostras de afecto e apego
	Derivar e recibir familias e mozos/as	- Recibir e traballar coas familias e mocidade que veñen derivadas doutras institucións educativas, sanitarias, asociacións, etc...
	Fomentar un ocio sano familiar e marital	- Propoñer espazos comúns de convivencia, desfrute e lecer entre pais/nais e fillos/as - Propoñer espazos en común para proxenitores que comparten circunstancias, preocupacións semellantes relacionadas coa prevención de substancias tóxicas - Propoñer espazos de convivencia sen tecnoloxía móbil tanto para os adultos como para a mocidade - Asesorar sobre actividades e hábitos saudables

A COMUNIDADE

A importancia do tempo libre dende a óptica da prevención é dobre. Por un lado, porque neste contexto se rexistra a maior parte das condutas de uso de drogas entre adolescentes e xoves, e, por outro lado, porque o ocio pode utilizarse para promover actividades preventivas e fortalecer factores de protección.

O equipo de prevención de drogodependencias de Lugo vén desenvolvendo os seguintes programas **dende o ámbito comunitario** durante o período 2017-2020:



COLECTIVO	ESTRATEGIA	ACCIÓNS
ADOLESCENTE	Minimizar os danos que a poboación xuvenil causa na vía pública a causa do consumo de alcohol e outras drogas.	- Medidas oportunas para reducir conflitos (agresións, ruidos, accidentes..) e a alarma social, dunha forma coordinada cos servizos municipais que correspondan.
	Aumentar a oferta de actividades no tempo libre para xoves entre os 12 e 17 anos e a mocidade ata os 35 anos	- Oferta de actividades de ocio en horario vespertino e fins de semana - Oferta de talleres lúdicos e de reflexión e responsabilización - Difusión dos recursos de tempo libre e ocio alternativo mediante as oficinas de Información Xuvenil municipais - ofertar formación para a mocidade en risco de exclusión social
XUVENIL	Controlar as condicións dos locais nocturnos procurando espazos máis seguros	- Sesións de formación para traballadores/as da hostelería, de locais de ocio nocturno e persoal de seguridade.
	Concienciar e informar as persoas consumidoras de drogas (legais e ilegais) dos riscos asociados á súa conduta	- Distribución de guías e materiais informativos con mensaxes que versan sobre os efectos, a tolerancia, os riscos, primeiros auxilios - Posibilitar espazos de información sobre redución de riscos e análise das substancias
	Formar os consumidores e consumidoras de drogas para que asuman comportamentos e condutas responsables	- Talleres de reflexión en espazos formativos (autoescolas, universidades...) e lúdicos - Talleres de reflexión para xoves en situación de risco, que formen parte dalgún proxecto de integración
	Formar ao colectivo de mediadores sociais que están en contacto con novas e novos consumidores, para que fagan unha intervención preventiva baseada no modelo de responsabilidade e xestión de riscos	- Oferta de actividades formativas destinada ao equipo de mediadores sociais - Formación en monitor/a de tempo libre para a prevención de drogodependencias
	Facer unha oferta formativa alternativa ao consumo de drogas	- Cursos e publicacións de primeiros auxilios, reanimación cardiopulmonar e outras reaccións causadas polo uso de drogas
	Orientar a poboación xuvenil con consumos problemáticos de drogas, sobre os recursos de tratamento existentes no municipio, así como doutros máis próximos	- Servizo de orientación sobre os recursos asistenciais e de tratamento - Difusión de materiais informativos e actividades formativas que se organicen dende a Administración municipal
	Ofertar un ocio inclusivo	- Actividades lúdicas abertas a disciplinas (estilos e deportes urbanos, etc)
	Expoñer e facilitar diferentes disciplinas artísticas	- Eventos de novos creadores y artistas plásticos lucenses - Cursos de creación audiovisual
	Sensibilizar e informar á mocidade dos clubs deportivos e escolas de base	- Xornadas e reunións informativas sobre as adiccións en xeral

POBOACIÓN XERAL	Fomentar a reflexión e o intercambio de opinión entre profesionais, asociacións, mediadores e mediadoras sociais e institucións	- Foros e xornadas de reflexión e análise sobre aspectos relacionados coas drogodependencias - Espacios de participación, coordinación, diagnóstico e análise das tendencias actuais en materia de toxicomanía
	Informar, orientar, asesorar á poboación sobre o fenómeno das drogodependencias	- Ofrecer información periódica sobre as actividades que se desenvolven e elaborar un plan estratéxico de difusión nos medios de comunicación de masas con información sobre drogodependencias - Ofrecer á poboación unha Oficina de Información, bibliográfica e videográfica, sobre as toxicomanías
	Apoiar as asociacións co fin de facilitar a implementación dos seus proxectos	- Asesoría en drogodependencias - Apoio económico ao desenvolvemento dos seus programas preventivos - Oferta de espazos formativos e de capacitación para as asociacións de autoaxuda e para o voluntariado
	Controlar a publicidade, promoción, venda e consumo de drogas legais e ilegais no municipio de Lugo	- Vixilancia do cumprimento da normativa vixente en todas as accións que se promovan dende e no Concello de Lugo - Control da oferta de drogas ilegais mediante a investigación e a presión contra o tráfico de drogas
	Traballar con distintos colectivos en risco de exclusión social e ofrecerlles asesoramento, materiais, colaboración ou traballo con grupos	- Ofrecer sesións formativas de prevención a colectivos en risco de exclusión (minorías, xoves en risco de exclusión social...)
	Ofertar actividades formativas formais e informais	- Ofertar formación no tempo de ocio - Ocio para a mocidade ata 35 anos (Aventura +XTÍ, Tenis de mesa, etc..) - Programa de ocio para a mocidade en risco de exclusión social (campamentos e ocio nos barrios) - Oferta formativa para mocidade en risco de exclusión social
	Sensibilizar sobre a venda e o consumo de alcohol en menores	- Campañas dirixidas aos adolescentes e á mocidade (24 h, supermercados, locutorios..)
	Sensibilizar sobre os perigos do alcohol e outras drogas coa conducción	- Campañas para os IES, a Universidade, etc.. - Actividades, prácticas e dinámicas na rúa..
	Elaborar estudo epidemiolóxico sobre adicións sen substancia	- Estudo epidemiolóxico sobre as adicións sen substancia no Campus Universitario de Lugo: usos e abusos das TIC por estudantes universitarios



Para llevar a cabo las actividades y programas dirigidos al ámbito comunitario y concretamente al tempo libre y de ocio, el Ayuntamiento de Lugo cuenta con una subvención de la Subdelegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas (PNsD) que aporta un 70% del coste total. El Ayuntamiento de Lugo asume el 30% restante. Esta subvención se viene solicitando desde el año 2005, se bien, durante el período que nos concierne (2017 a 2020, correspondiente al III Plan Municipal de Drogodependencias y Trastornos Adictivos) se concedió dicha subvención en el año 2017, 2018 y 2019. No siempre se abre la convocatoria, pero cuando esto ocurre, tiene carácter anual. El presente año 2021 y el anterior 2020, se dedicaron a la ejecución de la última subvención solicitada y concedida en 2019. Debido a la situación de pandemia mundial por el Covid, durante el año 2020 no salió ninguna convocatoria.

OBXECTIVOS DO IV PLAN MUNICIPAL



OBXECTIVOS DO IV PLAN MUNICIPAL

Para o próximo ciclo 2021-2025, o Servizo de Prevención de Drogas Municipal de Lugo pretende reforzar os aspectos susceptibles de mellora no III Plan municipal e manter os programas que foron exitosos. Entre outros:

- ▶ Sensibilizar e motivar á poboación en xeral para que interveña activamente e de forma coordinada na problemática das adicciós a substancias e comportamentais: informar e formar en habilidades para unha vida sen consumo de drogas e sen condutas adictivas.
- ▶ Ofertar posibilidades de formación e reciclaxe en materia de prevención de drogodependencias e de adicciós comportamentais a distintas e distintos profesionais e/ou cidadás e cidadáns interesados no tema.
- ▶ Actualizar, reciclar e formar aos técnicos de Servizo de Prevención de Drogodependencias e outras adicciós comportamentais.

- ▶ Coordinar as actuacións que se realicen no municipio de Lugo en relación coa prevención de drogodependencias, entre todas as áreas implicadas, a través dun comité interdisciplinar.
- ▶ Potenciar relacións trimestrais de colaboración e coordinación entre entidades institucionais e mozos/as para tratar temas relacionados coas campañas de prevención e difusión, os controis de venda de alcohol a menores, o control de venda nas inmediacións de colexios e institutos, o control da sinalización da prohibición de venda e dispensa, e o control de promocións e publicidade ilegais.
- ▶ Colaborar con profesionais, axentes sociais e medios de comunicación na difusión de mensaxes preventivas sobre drogas, co obxectivo de multiplicar o seu impacto.

- ▶ Capacitar á poboación en xeral, a nenos, nenas e adolescentes principalmente para tomar decisións responsables ante o consumo e a experimentación.
- ▶ Aumentar o número de intervencións así como de participantes nos obradoiros educativos de prevención de drogodependencias no ámbito escolar.
- ▶ Reforzar as intervencións educativas de prevención en días conmemorativos (Día Mundial da Saúde o 7 de abril, Día Mundial sen Tabaco o 31 de maio, Día sen Alcohol o 15 de novembro, Día Internacional contra o uso indebido e tráfico ilícito de drogas o 26 de xuño...).
- ▶ Mellorar a calidade das intervencións así como os materiais utilizados nestas coa mocidade e menores no relativo ao uso das TIC.
- ▶ Integrar a prevención de drogodependencias en todas as actividades extraescolares.

OBXECTIVOS DO IV PLAN MUNICIPAL

- ▶ Retrasar a idade de inicio no consumo das diferentes substancias.
- ▶ Potenciar o desenvolvemento de programas preventivos dirixidos ás familias en xeral e ás familias de risco en particular.
- ▶ Xerar novas e atractivas alternativas para o ocio e o tempo libre para a mocidade e menores como forma de prevención.
- ▶ Propiciar espazos, puntos de encontro e zonas de ocio que favorezan a implicación da mocidade no deseño, execución e desenvolvemento dun ocio divertido e saudable.
- ▶ Potenciar o traballo das e dos mediadores sociais, mediadores xuvenís, mediadores culturais, educadores de rúa e outros axentes que poidan ser decisivos en relación coa prevención do uso e abuso de substancias psicoactivas.
- ▶ Informar, motivar, asesorar e derivar á persoa drogodependente e a persoas con adiccións comportamentais para que inicie un tratamento de rehabilitación, á vez que se traballa na redución de danos ocasionados polo seu consumo de drogas e/ou polas súas adiccións comportamentais, favorecendo a súa integración e incorporación social.

“Mellorar a
calidade das
intervencións
así como os
materiais
utilizados coa
mocidade no
relativo ao
uso das TIC.”



OBXECTIVOS DO IV PLAN MUNICIPAL

- ▶ Apoiar os programas de rehabilitación acreditados, así como desenvolver outros enfocados á inserción social da persoa drogadicta rehabilitada.
- ▶ Detectar precozmente os consumos de risco en xóvenes para derivar programas selectivos ou indicados buscando promover a súa integración en contextos adaptados ás súas necesidades.
- ▶ Desenvolver estratexias para que as minorías étnicas ou outros sectores da poboación marxinada accedan aos servizos xerais ou en determinadas situacións, desenvolvan programas de prevención e rehabilitación específicos.
- ▶ Cambiar actitudes e pautas de comportamento consideradas de alto risco por outras máis dirixidas ao desenvolvemento dunha personalidade máis normalizada con nenos e nenas e adolescentes en risco.
- ▶ Levar a cabo unha maior coordinación cos corpos de seguridade para así velar polo cumprimento das leis que protexen a menores do consumo de drogas.
- ▶ Favorecer e potenciar as intervencións de seguridade e prevención nos eventos públicos (festas universitarias, festas patronais, etc.) de forma que exista un punto de información e intervención rápida para previr problemas derivados do consumo de alcohol e outras drogas.
- ▶ Supervisar e controlar a publicidade, o patrocinio e a promoción de bebidas alcohólicas en eventos organizados pola Administración local ou en locais municipais.
- ▶ Mellorar e aumentar o nivel de coñecementos, habilidades e actitudes dos corpos de seguridade e protección civil en materia de prevención de drogodependencias.
- ▶ Dinamizar accións específicas de información e orientación a familias en materia de drogas e outras adiccións comportamentais, a través de referentes de ocio (monitoras/es, animadoras/es, mediadoras/es, adestradoras/es...).
- ▶ Implicar ao sector hosteleiro na prevención e redución dos problemas asociados ao consumo de alcohol na poboación maior de 18 anos e vixiar que se cumpla a prohibición da venda de alcohol a menores de 18 anos.
- ▶ Orientar e formar en materia de prevención de adiccións, aos mestres e mestras de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e ao persoal do Departamento de Orientación.
- ▶ Impulsar hábitos saudables e habilidades que funcionen como factores de protección a través de programas preventivos dirixidos á poboación en xeral, pais, nais, profesorado, asociacións, e á poboación en situación de risco de consumo ou de consumo abusivos.

“Implicar
ao sector
hosteleiro na
prevención e
reducción dos
problemas
asociados
ao consumo
de alcohol”

07

ACTIVIDADES E PROGRAMAS DO IV PLAN MUNICIPAL



ACTIVIDADES E PROGRAMAS DO IV PLAN MUNICIPAL

ÁMBITO EDUCATIVO

INFANTIL, PRIMARIA, ESO,
BAC, FP e Universidade

- ▶ Promover a participación do profesorado e do alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria nos talleres de prevención de drogas ofertados dende o Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias.
- ▶ Desenvolver propostas formativas online sobre a prevención de adiccións dirixidas ao profesorado.
- ▶ Facilitar e asesorar aos equipos docentes sobre os recursos preventivos existentes, para que poidan dende os centros educativos facer propostas educativas preventivas.
- ▶ Buscar recursos metodolóxicos interactivos, novos, atractivos e que fomentan a aprendizaxe por observación e modelado, como o cinema, o teatro, a música, as redes sociais...
- ▶ Fomentar a coordinación entre o departamento de orientación e titorías dos colexios co Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias, para unha correcta derivación de casos onde apareceran problemas de consumo de drogas legais e/ou ilegais, para intervir en conxunto coa mocidade, co contorno, coa escola e coa familia.
- ▶ Propiciar que os espazos educativos (ximnasia, pistas, campos de fútbol...) se convertan tamén en lugares de ocio e deporte durante as fins de semana e períodos de vacacións.
- ▶ Fomentar a participación do persoal docente (Infantil, Primaria, Secundaria, FP e universidade) nas actividades de formación e actualización organizadas dende o Servizo de Prevención de Drogodependencias.
- ▶ Continuar con programas e propostas preventivas nos centros escolares, reforzando os obradoiros nos últimos anos do

ensino da Primaria e primeiros anos da Educación Secundaria.

- ▶ Avaliar o proceso e resultado das actividades e programas citados.

ÁMBITO FAMILIAR

- ▶ Aumentar a participación nos talleres, charlas, conferencias dirixidos ás familias con fillas e fillos escolarizados, sobre todo, na etapa secundaria.
- ▶ Aumentar a sensibilización dende a familia de cara a previr adiccións comportamentais como pode ser o abuso de tecnoloxías.
- ▶ Supervisar o espazo virtual municipal xa existente para expoñer e responder as dúbidas, preguntas, comentarios e suxestións das familias.
- ▶ Facer un seguimento e grupos de traballo coas familias que demandan axuda e asesoría para as súas fillas e fillos, por calquera vía.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS DO IV PLAN MUNICIPAL

► Coordinarse cos corpos de seguridade local, autonómica ou nacional para traballar conxuntamente (en casos de consumo de menores, sancións ou denuncias) e intervir coas súas familias.

► Fomentar a participación de pais e nais, asociacións, Ampas, departamentos de orientación e institucións socioeducativas na plataforma de prevencionfamiliar.net

► Ofertar un programa para pais e nais con, polo menos, dúas sesións presenciais en grupos de traballo e tantas sesións individuais como sexa necesario.

► Ofertar xuntanzas pais-pais e/ou pais-fillos centradas nas habilidades comunicativas sen tecnoloxía móbil.

► Coordinar o traballo da prevención familiar cos corpos de seguridade local, autonómico e nacional.

► Realizar publicacións periódicas para distribución telemática ou impresa en colexios e centros de saúde de Lugo.

► Organizar, polo menos, un encontro ou xornada familiar, onde as familias poidan realizar actividades, conversar e compartir inquietudes relacionadas cos estilos educativos apropiados para previr consumos insalubres nos seus fillos e fillas, e contén á súa vez co apoio de profesionais na área das drogodependencias e familiar.

► Informar ás familias lucenses detalladamente da normativa e leis recentes en materia de prevención de alcohol e tabaco e como afecta a devandita normativa aos pais e nais, e aos seus fillos e fillas. (Ex.: a Lei de alcohol en menores do 2017).

► Aumentar o número de sesións de consellería e asesoría presencial coas familias, os fillos e filioparental para tratar a prevención das diferentes adiccións.

► Aumentar as sesións de seguemento vía telemático (mails, telefónica..) para avaliar a evolución das familias.

► Avaliar o proceso e resultado das actividades e programas citados.

ÁMBITO SAÚDE

► Fomentar a formación do persoal laboral (funcionariado, persoal sanitario e de hostalaría, etc.) en materia de prevención de drogas cando menos una vez ao ano

► Aumentar a divulgación de información no ámbito da saúde.

► Coordinarse dende o Servizo de Prevención de Drogodependencias coas unidades asistenciais entre os servizos sanitarios (especialmente, dende os centros de atención primaria), para derivar e traballar conxunta e coordinadamente co público usuario e pacientes por uso e/ou abuso de drogas, así como cos seus familiares (pais, nais e/ou titores legais).

► Aumentar o número de actividades dirixidas á redución do consumo de alcohol e tabaco e a atrasar a idade de inicio destas substancias.

► Facer unha campaña en colaboración co persoal sanitario dirixida a reducir o consumo de haxix e cocaína e a informar sobre as consecuencias físicas e psíquicas deste.

► Velar polo cumprimento da Lei antitabaco e da Lei de alcohol no que respecta ao consumo, á venda, ao patrocinio e á publicidade.

► Avaliar o proceso e resultado das actividades e programas citados anteriormente e reestruturar cando sexa necesario.

ÁMBITO DA POBOACIÓN XUVENIL

► Aumentar a participación en termos cuantitativos e cualitativos da mocidade nas actividades de prevención de drogas.

► Estender os programas de ocio saudable no tempo libre a barrios lucenses céntricos e/ou periféricos onde non se chegase aínda e nos que dispoñen de menos recursos e de máis poboación en risco.

► Ampliar a oferta e a diversidade de alternativas formativas para o colectivo de xoves lucenses, atendendo aos seus intereses, ás súas capacidades e aos seus beneficios persoais e laborais.

► Mellorar a calidade e cantidade de actividades lúdicas ofertadas á xuventude, tratando de cubrir todos os campos de interese (intelectual, manual, cognitivo, etc.).

► Mellorar cuantitativa e cualitativamente a oferta de alternativas lúdicas, tecnolóxicas, artísticas (música, pintura, teatro, cinema, artes plásticas e creatividade...), deportes minoritarios, estilos urbáns, e de emprendemento.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS DO IV PLAN MUNICIPAL

► Fomentar a participación de menores en risco nas actividades organizadas de cara á prevención de drogas (inmigrantes, poboación xitana, familias desestruturadas...).

► Incluír actividades e programas que contén coas novas tecnoloxías e redes sociais para captar a atención das rapazas e rapaces novos e facilitar a súa participación e implicación na oferta de ocio.

► Deseñar a oferta de actividades para o ocio e o tempo libre adaptándose ás necesidades, carencias e/ou deficiencias físicas, sensoriomotoras, afectivas ou cognitivas da xuventude lucense.

► Implementar o Programa “axente titor”, que é un servizo da Policía Local especializado na promoción do respecto aos dereitos da infancia, polo que a súa intervención se concentra no ámbito da protección da e do menor e da prevención no ámbito escolar.

► Diversificar os programas de prevención do consumo de drogas a través do ocio para poder chegar a unha maior poboación de xoves.

► Informar e cualificar ao persoal monitor e educador de tempo libre, de rúa e deportivo en prevención de drogodependencias para integrala de forma transversal no seu traballo cotián.

► Avaliar o proceso e resultado das actividades e programas citados anteriormente e reestruturar cando sexa necesario.

► Ter en conta a perspectiva de xénero nos programas e propostas específicos de prevención de adiccións .

► Incluír un módulo preventivo en todas as propostas formativas que se desenvolvan dende o Concello de Lugo

ÁMBITO LABORAL

► Dar apoio e alternativas dirixidas á unha formación homologada que permita a incorporación laboral .

► Aumentar a participación nos talleres formativos e informativos relacionados coas drogodependencias, dirixidos ao colectivo empresarial.

► Optimizar a información dirixida á poboación xeral relacionada co tabaco e co alcohol, a deshabitación tabáquica, etc.

► Avaliar o proceso e o resultado das actividades citadas anteriormente e reestruturar cando sexa necesario.

ÁMBITO COMUNITARIO

► Manter actualizada e facer seguimento dos contidos da páxina web: prevenciondrogas.lugo.es e lugomasxti.org

► Revisar diariamente o correo de asesoría familiar e atención comunitaria: prevenciondrogas@lugo.gal

► Actualizar no web os contidos informativos relativos a: actividades para a poboación en xeral, publicacións recentes, enlaces de páxinas webs de interese e noticias relacionadas co consumo e a prevención de drogas.

► Celebrar e expoñer un breve resumo do realizado durante datas conmemorativas: Día Mundial sen Tabaco (31 de maio), Día contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas (26 de xuño), Día da Loita contra o SIDA (1 de decembro), Día Mundial da Saúde (7 de abril).

► Continuar coa celebración das *Xornadas de Prevención de Drogodependencias*, dirixidas a todo o colectivo de profesionais sociosanitarios, estudantes e poboación en xeral.

► Insistir no cumprimento das leis que versan sobre o control da publicidade e do patrocinio de calquera tipo de marcas de drogas legais e/ou ilegais, nos eventos organizados polo Concello de Lugo, dende calquera concellería, especialmente aqueles dirixidos á poboación nova.

► Realizar campañas online sobre adiccións en xeral, a través das redes sociais municipais.

► Aumentar a presenza de información e suxestións en relación ás adiccións comportamentais

► Elaborar, redactar e publicar estudos sociolóxicos que analicen o consumo e as actitudes da poboación lucense ante o consumo de drogas, tendo sempre en conta a perspectiva de xénero, as idades de inicio, a motivación para o mantemento no consumo e as súas consecuencias.

► Continuar e ampliar o traballo de prevención co colectivo das autoescolas do municipio de Lugo, co fin de sensibilizar ao colectivo de condutores noveis sobre os riscos do *binomio alcohol-condución* e máis aínda do *trinomio alcohol-noite-condución*.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS DO IV PLAN MUNICIPAL

- ▶ Asegurar a coordinación e o contacto con outras institucións municipais que traballan na problemática das drogodependencias aínda que sexa en áreas diferentes á prevención, como son a intervención e a inserción. Por exemplo: UAD (Unidade de Axuda ao Drogodependente), ALIADE (Asociación Lucense de Información e Axuda ao Drogodependente), Proxecto Home, Cruz Vermella, etc.
- ▶ Manter e mellorar os programas dirixidos aos xoves lucenses no seu tempo libre, subvencionados polo Plan Nacional sobre drogas dende os fondos de bens comisados.
- ▶ Desenvolver unha formación anual gratuíta para calquera profesional que traballe no ámbito socioeducativo.
- ▶ Intervir coa poboación universitaria da cidade na prevención das adiccións con e/ou sen substancias.
- ▶ Intervir coas asociacións deportivas de base e calquera asociación do ámbito lúdico-deportivo.

“Intervir coas asociacións deportivas de base”



ACTIVIDADES E PROGRAMAS DO IV PLAN MUNICIPAL

- ▶ Continuar a colaboración co Plan nacional sobre drogas e a FEHR (Federación Española de Hostalaría) para previr o abuso de alcohol e o consumo de drogas nos espazos de ocio nocturno, que consiste na implementación dun código de boas prácticas (dispensa responsable de bebidas alcohólicas entre xoves, embarazadas e persoas adultas, promover o transporte público e rexeitar o tráfico e consumo de drogas, etc.) no que estean implicados/as empresarios/as e traballadores/as do sector hostaleiro.
- ▶ Organizar Xornadas “Sen”.
- ▶ Enfatizar e participar na celebración dos días internacionais vinculados coa saúde.
- ▶ Poñer en marcha actividades de sensibilización, divulgación e prevención e espazos e horarios frecuentados por poboación potencialmente consumidora.
- ▶ Realizar campañas de sensibilización para a prevención de adicción con e sen substancias nos lugares máis frecuentados e con maior visibilidades como poden ser as redes sociais, os diferentes medios de comunicación, os mupies, e tamén cines, eventos deportivos, etc.
- ▶ Supervisar a publicidade nos circuitos de titularidades municipal para evitar a promoción de prácticas adictivas e de risco (apostas, ludopatías, consumos de alcohol, etc..).
- ▶ Realizar unha base de datos cos locais vinculados aos consumos con e sen substancias (bares, bingos, casas de apuestas, etc..) na capital luguesa.
- ▶ Reforzar e ampliar os recursos humanos e materiais do Servizo Municipal de Prevención de Drogas e outras adiccións do Concello de Lugo co fin de dar un mellor e maior servizo á poboación.
- ▶ Impulsar e consolidar os mecanismos municipais de participación en materia de prevención de adiccións.
- ▶ Facilitar o marco teórico e principios metodolóxicos en materia de prevención de drogodependencias que sirvan de referencia e coherencia na elaboración de propostas preventivas e de sensibilización comunitarias que se propoñan no municipio.
- ▶ Sensibilizar á comunidade sobre a corresponsabilidade da cidadanía na prevención de consumo de drogas e outras adiccións (muticausalidade).
- ▶ Avaliar o proceso e resultado das actividades citadas anteriormente e reestruturar cando sexa necesario.

“Reforzar e ampliar os recursos humanos e materiais do Servizo Municipal de Prevención de Drogas”



WEBS DE INTERESE (ANEXO)



- Alcohólicos anónimos: www.alcoholicos-anonimos.org
- Asociación de Deportistas Contra la Droga : www.adcd.org
- Centro Vasco de Documentación en Drogodependencias: www.osakidetza.euskadi.net y www.drogomedia.com
- Comité Nacional para la Prevención del tabaquismo: www.cnpt.es
- Coordinadora de ONGs que Intervienen en Drogodependencias: www.magic-es.com/coordinadora/index.html
- EDEX-Kolektiboa : www.edex.es
- Empantallade los: www.empantallade los.com
- Energy Control: www.energycontrol.org
- FEXAD-Federación Extremeña de Atención al Drogodependiente: www.fexad.org
- Fundación de Ayuda contra la Drogadicción: www.fad.es y www.campusfad.org
- Fundación Érguete-Integración: www.fundacionerguete.org
- Fundación Girasol: www.girasolfundacion.es
- Fundación Instituto Spiral: www.institutospiral.com
- Fundación Vivir sin Drogas: www.fvvsd.org
- GiD-Grupo interdisciplinar sobre Drogas: www.ateneagrupogid.org
- GRUPO IGIA: www.igia.org
- IDEA-Prevención : www.idea-prevencion.org
- Infodrogas: www.infodrogas.org
- Informaciones y pistas sobre actividades que pode desarrollar a mociudad no seu tempo libre. www.sindrogas.es
- INID-Instituto de Investigación de Drogodependencias: www.inid.umh.es
- Injuve: www.injuve.es
- Instituto para el Estudio de las Adicciones (IEA): www.ianet.com www.lasdrogas.info
- Instituto de Tratamiento y Análisis de las Drogodependencias: www.drug-detox.com
- Internet segura for Kids: www.is4k.es
- Irefrea: Plataforma das familias pola prevención: www.prevencionfamiliar.net www.irefrea.org
- ITACA: <http://server.ddnet.es/itaca/>
- Las Drogas: www.las-drogas.com
- Las drogas: drogas, adicciones y drogodependencias. www.lasdrogas.info
- Ludens: prevención, adicción, juego online: www.tutoriasinred.com
- NDA: www.drugabuse.gov
- Pantallas amigas: www.pantallasamigas.net
- Plan Director: www.policia.es
- Plan Nacional sobre drogas (Ministerio de Interior - España): www.pnsd.sanidad.gob.es
- PODA, Plataforma de ONG sobre Drogas y Adicciones: www.plataformapoda.org
- Prensa Juvenil: www.prensajuvenil.org
- Prevencion de Drogas. Ayuntamiento de Lugo: www.lugomasxti.org
- Prevención, drogodependencias y Nuevas Tecnologías: www.educacontic.es
- PROYECTO HOMBRE: www.proyctohombre.es
- Red Europea de Profesionales con Intervención en Drogodependencias: www.ddnet.es/itaca/
- Revista Española de Drogodependencias: www.aesed.com/revista
- Socimás Científica española de Estudios sobre el alcohol, las toxicomanías y otras dependencias: www.socidrogalcohol.org
- Socimás Española de Toxicomanías: www.setox.org
- UNAD (Unión Española de Asociaciones y Entidades de Asistencia al Drogodependiente): www.unad.org

CONTACTO

Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias e outras adicciós comportamentais.

► Centro de Convivencia Municipal Uxío Novoneyra, 3ª planta.
► <https://www.lugomasxti.org>

► lidia.platas@lugo.gal

► francisco.eiros@lugo.gal

► prevenciondrogas@lugo.gal

► 982 297 837

► 982 297 498

